




Asociación de profesores de música
de secundaria e bacharelato
de Galicia

OBRADOIRO DE TÉCNICA BIOVOCAL EN CORO INFANTIL E XUVENIL.



ROSA BURDEUS

Venres, 12 de xaneiro de 2018

De 17h a 20h



Sábado, 13 de xaneiro de 2018

de 11 a 14 e de 17h a 20h



**Conservatorio Profesional de Música
de Santiago de Compostela
Rúa Monte dos Postes, 15703,
Santiago de Compostela
981519845**



CONTIDOS

“Obradoiro de técnica biovocal en coro infantil e xuvenil”

Ao cantar nos liberamos, prodúcese unha comunicación directa cun mesmo, cos demais e coa natureza, ao cantar desenvólvese en nós a atención, concentración e memoria. Neste obradoiro de 9 horas de duración achegarémonos ao coñecemento da voz, a súa fisioloxía, correcta postura, hixiene vocal, a importancia da relaxación, a respiración, articulación, vocalización e pronunciación. A importancia de espertar o interese da mimese, as áreas de resonancia e matices dinámicos. Aprenderemos a recoñecer os defectos vocais a tempo, os períodos de muda e vocal e como tratalos así como os posibles trastornos na etapa infantil. Adquiriremos criterios para escoller o repertorio e conseguiremos recursos prácticos de integración mediante o canto explorando tamén as novas tendencias con valores atemporais. Abordaremos por último a ética no coro para convivir en harmonía.

Venres pola tarde:

- ❖ *Enraizarse ó chan.*
- ❖ *Conciencia sensorial.*
- ❖ *As tres liñas físicas na voz.*
- ❖ *Rexistros.*
- ❖ *A muda vocal.*
- ❖ *Impostación*

Sábado pola mañá:

- ❖ *Resonadores.*
- ❖ *Proxección cometa.*
- ❖ *Dinámicas*
- ❖ *Vocalización*
- ❖ *Articulación.*
- ❖ *Pronunciación.*
- ❖ *Recoñecer posibles trastornos vocais.*

Sábado pola tarde:

- ❖ *Rito. Constancia.*
- ❖ *Repertorio con Arte.*
- ❖ *Percusión vocal.*
- ❖ *Concepto Mousiqué.*
- ❖ *Pintura vocal.*
- ❖ *Canto experimental.*
- ❖ *A voz creadora.*
- ❖ *Ética en voz e coro.*
- ❖ *Formación e transformación.*

A QUEN VAI DIRIXIDO

- Profesorado de Música de Educación Secundaria
- Profesorado de Música de Infantil e Primaria
- Profesorado de Linguaxe Musical de Conservatorios
- Formadores de Educadores de Música
- Músicos, profesionais ou non, interesados no canto
- Profesionais ou afeccionados das artes escénicas
- Calquera outra persoa amante do canto que queira desfrutar explorando o súa voz

Polo seu enfoque pedagóxico, este obradoiro de carácter intensivo pola súa duración está máis orientado cara ao mundo da educación musical. Unha vez dominadas as ferramentas que aquí se presentan e practican, cada un pode aplicalas ao seu nivel educativo. No obstante, pode resultar de interese para calquera persoa amante do canto, da voz, aínda sen moitos coñecementos musicais, que queira simplemente desfrutar facendo música co instrumento máis natural que temos.

SOBRE A PROFESORA

Rosa Burdeus soprano formada no conservatorio de Castellón que completa a súa formación con cursos de canto medieval coa soprano italiana Elisa Franzetti, musicoterapia aplicada á voz con Brigitte Scmidt en Austria, Seminario de Artes en Innsbruck e de Filosofía da Arte co músico, filósofo e pedagogo Walter Wutdeutsch. É profesora de Arts, voice, music and movement, imparte técnica vocal en inglés en Bonterra Park en Castellón, dirixe e coordina o taller Jove Lab Music, técnica biovocal xunto a doutora M^a Luisa Morales Marina, ademais de moitos obradoiros organizados polo CEFORE de Castellón entre outros aspectos da súa dilatada actividade.

Interpretou diferentes obras coa “Jove orquestra sinfónica de Castellón” , colabora como soprano noutras formacións como Grupo L’Enfilat e Calíope, diversos coros de Castellón, coa Banda Sinfónica da Unión Musical de Onda, grupos de música medieval e renacentista, canto e declamación de poemas musicados á homenaxe a Carlos Salvador, interpretación de poemas musicados de Vicent Jaume Almela, colabora coma soprano nun proxecto de música electrónica experimental (Un1r)...

INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

Número de prazas: 25

Cubriranse por rigorosa orde de inscrición (data e hora do xustificante de pago de matrícula)

Prezo da matrícula:

Socios: 20€

Non socios: 30€

Inscrición:

Realizar o pago no seguinte número de conta de Asomúsica:

ES55 3070 0038 6161 2242 6924

No **concepto** indicar: Nome e Apelidos + “biovocal”

Enviar o xustificante de pago ao correo electrónico:

biocanto2018@gmail.com

xunto cos seguintes datos:

- Nome e apelidos, DNI, email de contacto,
- Funcionario ou interino da Consellería de Educación, profesor da ensinanza concertada, outros (a efectos de homologación):

FUN

INT

CON

OUT

- Socio de Asomúsica

SÍ

Non

**Esta actividade está en trámites de homologación pola
Consellería de Cultura, Educación e O.U. (9 horas)**

